



Trámite: certificación do acordo.

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 15.06.2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta de Decreto do Alcalde, de data 15 de xuño de 2019, polo que se nomea aos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra e ao Concelleiro Secretario do seguinte teor literal:

“A Xunta de Goberno Local é un órgano de existencia obrigatoria neste Concello de conformidade co establecido no artigo 126 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, no artigo 59.2-b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 19 e ss. do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra está integrada polo Alcalde e un número non superior ao terzo do número legal dos que compoñen o Pleno, dos cales como máximo un terzo poden ter a condición de non concelleiros (artigos 126.2 da Lei 7/1985 e 20 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra).

O nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra correspóndelle de forma libre o Alcalde de conformidade co artigo 126.2 da Lei 7/1985 así como artigo 20 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

A secretaría da Xunta de Goberno Local correspóndelle a un concelleiro entre os membros da Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 126.4 da Lei 7/1985 e artigo 20.3 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra. Así mesmo, neste último artigo prevese a designación dun substituto para os casos de ausencia, abstención ou enfermidade do concelleiro-secretario.

Por outra banda, o Pleno a través do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, de conformidade co artigo 211 da Lei 5/1997, fixou no seu artigo 23.6 a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local con carácter semanal.

A vista do exposto, en exercicio das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra ós/ás seguintes concelleiros/as:

Anabel Gulías Torreiro
Eva María Villaverde Pego
Demetrio Gómez Xunqueira
Xosé Cesáreo Mosquera Lorénzo
María Carmen da Silva Méndez
Raimundo González Carballo
Agustín Fernández González
Iván Puentes Rivera



SEGUNDO.- Nomear ó concelleiro membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra D. Raimundo González Carballo como secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, quen asumirá as funcións establecidas no artigo 126 da Lei 7/1985 e no Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra.

TERCEIRO.- Nos supostos de ausencia, abstención ou enfermidade do concelleiro secretario será substituído polos/as concelleiros/as que se indican pola seguinte orde:

- 1 Anabel Gulías Torreiro
- 2 Eva María Villaverde Pego
- 3 Demetrio Gómez Xunqueira
- 4 Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

CUARTO.- Notifíquese, persoalmente, este Decreto ós concelleiros nomeados e dese conta da mesma o Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da data.”

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

